

CONVOCATORIA DUN NOVO GRAO EXTRAORDINARIO DE CARREIRA DE PERSOAL FUNCIONARIO E COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO DE PERSOAL LABORAL

Santiago de Compostela 30/12/24

O día 30 de decembro de 2024 recibimos a proposta para proceder á convocatorias dun novo grao extraordinario de carreira de persoal funcionario e complemento de desempeño de persoal laboral da AXXG.

Principais características das propostas:

- ✚ Os **efectos económicos do 1 de xaneiro de 2025**, cumpríndose co acordado con estes sindicatos.
- ✚ A **proposta é idéntica para persoal funcionario e laboral**, outra das premisas do acordado.
- ✚ **As contías se actualizan dende o ano 2019** tal e como se acordou coa Xunta, polo que levan acumulado un **9,8% de incremento**, o igual que o resto de retribucións, e está **pendente un 0'5%** de atrasos dende xaneiro de 2024, incrementos acordados por **UGT-SP** e **CCOO** a nivel estatal.
- ✚ **Requisitos e méritos iguais para os graos extraordinarios I e II**, que se convocarán de novo toda vez que non está regulada a carreira ordinaria, **CCOO** e **UGT-SP defendemos que mentres no teñamos carreira ordinaria debe continuar a carreira extraordinaria e non producirse baleiros**, deixando persoal polo camiño.
- ✚ **Requisitos para os graos extraordinarios respectan o acordado, pero incrementan os méritos, dende o noso punto de vista, desproporcionadamente**, xa que en formación son 40 horas grao I e 80 grao II, suben a **180 horas en grao III**.
- ✚ **Catro anualidades para percibir a contía íntegra do grao correspondente, I, II ou III. UGT-SP e CCOO entendemos que houbo outras convocatorias onde as anualidades mínimas foron dous anos e as máximas tres anos, e polo tanto é inaceptable, aínda que se xustifique na reapertura do grao I e II extraordinario.**

Dende unha análise mais detida das dúas propostas recibidas, e tendo en conta as aportacións que nos queirades facer chegar, faremos unha contraproposta en tempo e forma.

Consulta as propostas nos seguintes enlaces:

PROCESO EXTRAORDINARIO CARREIRA PERSOAL FUNCIONARIO.

[DOCUMENTO](#)

**PROCESO EXTRAORDINARIO COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO PERSOAL
LABORAL.**

[DOCUMENTO](#)

PRAZO DE ALEGACIÓNS AOS DOCUMENTOS ATA O DÍA 13/01/2025

Seguiremos informando e traballando para avanzar e dereitos, salarios e emprego.

CUMPRIMOS